

Resolución do 11 de xuño de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, relativo á publicación de puntuacións definitivas dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo convocado pola resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 40, do 26 de febreiro).

O número 11 da base sexta A) da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, prevé que tras a publicación provisional das puntuacións dos exercicios os aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles.

A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución pola que se publiquen as puntuacións definitivas dos distintos exercicios.

Á vista das reclamacións presentadas en prazo, cada tribunal confirmou as listaxes de puntuacións definitivas outorgadas aos aspirantes, polo que procede agora darlles publicidade, e facúltase para iso expresamente a este centro directivo, polo que,

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as puntuacións definitivas do segundo exercicio acadadas polos aspirantes das categorías de cocinheiro/a, grupo auxiliar da función administrativa, grupo de xestión da función administrativa, grupo técnico da función administrativa e persoal de servizos xerais, de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, convocado pola resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro).

A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas nesta resolución de publicación.

Segundo.-Esta resolución poderá ser impugnada polos interesados nos termos previstos no número 2 da base décima da citada convocatoria.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2010.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

Resolución do 14 de xuño de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se fai público o lugar e a data de realización dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario deste organismo.

O número 4 da base sexta A) da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de

febreiro de 2009 pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, prevé que os exercicios da fase de oposición se realizarán no lugar e á hora anunciada no *Diario Oficial de Galicia*, cun mínimo de cinco días hábiles de antelación.

Adoptado acordo polos respectivos tribunais sobre o lugar, a data e a hora de realización dos exercicios da fase de oposición, procede agora darlle publicidade no DOG, polo que este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro.-Convocar os aspirantes que superaron o segundo exercicio da fase de oposición do proceso selectivo das categorías cocinheiro/a, grupo auxiliar da función administrativa, grupo de xestión da función administrativa, grupo técnico da función administrativa e persoal de servizos xerais para a realización dos exercicios consonte a seguinte distribución:

Cocinheiro/a: terceiro exercicio, día 29 de xuño, ás 9.00 horas; cuarto exercicio, día 29 de xuño, ás 9.30 horas.

Grupo auxiliar da función administrativa: terceiro exercicio, día 29 de xuño, ás 9.30 horas.

Persoal de servizos xerais: terceiro exercicio, día 29 de xuño, ás 9.30 horas.

Grupo técnico da función administrativa, cuarto exercicio, día 29 de xuño, ás 9.30 horas; terceiro exercicio, día 29 de xuño, ás 10.00 horas.

Grupo de xestión da función administrativa: cuarto exercicio, día 29 de xuño, ás 9.30 horas; terceiro exercicio, día 29 de xuño, ás 12.30 horas.

Segundo.-Os exercicios realizaranse na Escola Galega de Administración Sanitaria, avda. Fernando de Casas Novoa, nº 37, edificio CNL. Portal A-B. 1º andar, San Lázaro, Santiago de Compostela.

Terceiro.-Os aspirantes terán que ir provistos necesariamente do documento nacional de identidade ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e de bolígrafo azul ou negro.

Non se permitirá no recinto onde se realice o exercicio o acceso e posesión de teléfonos móbiles, axendas electrónicas e calquera outro soporte con memoria.

O chamamento é único, polo que se excluíra deste proceso a quen non compareza por calquera causa.

De conformidade co establecido no segundo parágrafo do número 4 da base sexta da convocatoria poderanse realizar exercicios conxuntos para varias categorías, así como varios exercicios, na mesma data, para a mesma categoría en unidade de acto e de tempo, cambiando a súa orde de realización, de ser o caso.

Cuarto.-Esta resolución poderá ser impugnada polos interesados nos termos previstos no número 2 da base décima da citada convocatoria.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2010.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos